

Actuación POLICIAL En casos DE Violencia DE Xénero



CONCELLO DE BURELA



Delegación de Igualdade. Concello de Burela

ÍNDICE DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN	4
A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	5
TIPOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	6
MITOS SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO.....	7
A ESCALADA DA VIOLENCIA NUNHA RELACIÓN DE PARELLA.....	9
DELITOS RELACIONADOS COA VIOLENCIA DE XÉNERO NO CÓDIGO PENAL	11
DIFERENZAS BÁSICAS ENTRE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO.....	15
A ACTUACIÓN POLICIAL EN CASOS DE MALOS TRATOS NO ÁMBITO DOMÉSTICO	17
TRAMITACIÓN DE DENUNCIAS POLA POLICÍA LOCAL. O ATESTADO	19
BIBLIOGRAFÍA	24

A ACTUACIÓN POLICIAL EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO
Abril de 2010

INTRODUCCIÓN

É común entender as relacións de parella, sexan ou non conxugais, como un espazo de privacidade. Isto lévanos a que nesa relación se reproduzan condutas estereotipadas que en moitos casos desembocan nunha relación de poder entre os colectivos de xénero.

Esta relación de poder achégase en moitos casos ao problema da violencia de xénero, xa que en numerosas ocasións adóptanse hábitos que nos levan a crer que temos unha serie de obrigas ou incumprimentos derivados dos arquetipos masculino e feminino. É por isto que moitas veces a vítima dunha situación de violencia de xénero desculpa as condutas do agresor, culpabilízase, minimiza as consecuencias, ou achaca esa situación de violencia a problemas alleos á relación co agresor.

Ante esta situación, os equipos de profesionais que se encargan nun primeiro momento de atender as vítimas enfróntanse a dous problemas importantes. Por unha banda, a existencia de solicitudes de axuda anteriores que por considerarse feitos illados non foron valoradas como tales polos seus protagonistas; e, pola outra banda, pódese sentir certa confusión que lle requerirá un esforzo explícito para contrarrestar a intervención de mitos, tópicos e opinións estereotipadas sobre a violencia contra as mulleres.

De xeito habitual, as primeiras persoas que interveñen nun caso de violencia de xénero soen ser os Corpos de Seguridade, polo que estes deben afondar nas relacións entre os colectivos de xénero desde unha perspectiva multidisciplinar, xa que da primeira intervención coa vítima dependerán as decisións que tome esta e as súas posibilidades de saír ou de manterse na situación de violencia.

Ante unha chamada de axuda policial é preciso que se actúe do seguinte modo:

- Dando o apoio e a información que precise a vítima.
- Dando a protección física e psicolóxica que require a situación.
- Orientando sobre a posible conduta que se vai seguir.
- Protexendo e dando acompañamento ata o servizo especializado máis próximo: centro de acollida, servizos sociais municipais, centro sanitario, dependencias xudiciais.

Este equipo de profesionais deberá subterntarse no compromiso particular de erradicar esta lacra social e no coidado extremo das súas habilidades e actitudes positivas de acollida e acompañamento á vítima; e no seu interese por afondar e actualizar coñecementos sobre este tipo de violencia.

A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Concepto:

Calquera acto de violencia baseado na pertenza a un determinado colectivo de xénero e non a outro que poida producir dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico, ameazas, coaccións e/ou privación arbitraria de liberdade tanto si sucede na vía pública como na vida privada desa persoa.

Esta violencia supón en todos os casos:

- ✓ Unha violación da dignidade humana.
- ✓ Un límite á súa participación na vida social.
- ✓ Un forte condicionamento ao exercicio de dereitos e liberdades.

As causas son complexas e de diversa índole, pero atópanse á cabeza de todas elas as propias estruturas da **sociedade androcéntrica**. É dicir, o colectivo feminino valórase en función da súa relación de dependencia do colectivo masculino e os comportamentos relacionados coa violencia de xénero vanse inserindo a modo de normalidades na relación cotiá entre mulleres e homes.

De acordo co Informe da Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller celebrada en Pekín en 1995, as causas que explican a violencia de xénero son:

1. A violencia de xénero é un mecanismo social fundamental que coloca ás mulleres nunha posición de subordinación respecto dos homes. Producida a miúdo na familia, tolérase e escasas veces se denuncia.
2. A violencia contra as mulleres é unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre mulleres e homes, que mantén a dominación masculina, a discriminación contra as mulleres por parte dos homes e impide o seu pleno desenvolvemento.
3. A violencia contra as mulleres, ao longo do seu ciclo vital, ten a súa orixe en pautas culturais, a lingua, a relixión, etc. que perpetúan a condición inferior que se lles asigna ás mulleres na familia, no traballo e na sociedade. A situación actual prodúcese fundamentalmente pola consideración depreciada da muller despois de séculos de dominación masculina.

Neste senso, o Preámbulo da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero recolle que "a violencia de xénero non é un problema que afecte ao ámbito privado. Ao contrario, maniféstase como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe sobre as mulleres polo mesmo feito de selo, por ser consideradas polos seus agresores carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión".

TIPOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Violencia Física:

Calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia (definición da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

Violencia Psicolóxica:

Admite múltiples modalidades de agresións intelectuais ou morais; é toda conduta verbal que produza a desvalorización na muller, é dicir, que teña como finalidade a anulación desta. Pode ser exercida por homes do seu contorno familiar, laboral ou social.

Violencia Económica:

Restringir o acceso ás contas, a destrución por parte do maltratador de bens materiais da vítima (queimar o coche, a casa, etc), a desigualdade no acceso aos recursos.


Violencia Sexual e Abusos Sexuais:

Inclúe calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller e abarca a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima. (Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero)

Acoso Sexual:

É tipificado pola Unión Europea como un risco emerxente na seguridade e a saúde no traballo. Partindo deste punto, podemos dicir que se trata de comportamentos verbais, non verbais ou físicos de índole sexual e non desexados, nas que un suxeito activo se vale dunha situación de superioridade para solicitar favores de índole sexual empregando a chantaxe segundo as expectativas que a vítima teña sobre o traballo.

Ciclo do acoso sexual



MITOS SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO

Antes de comezar a debullar cales son aqueles mitos que se establecen en torno á violencia de xénero, é preciso que aclaremos unha serie de conceptos que serán de vital importancia para poder entender as causas e os falsos mitos sobre este tipo de violencia.

Cando aludimos á palabra XÉNERO, facemos referencia ás diferenzas sociais entre mulleres e homes que son aprendidas socialmente e transmitidas de xeración en xeración como parte do proceso socializador, sufrindo modificacións ou variacións co paso do tempo e en función da cultura.

Dentro deste proceso socializador, cada individuo debe asumir un rol que no caso dos homes e mulleres é asignado en función do SEXO. Cando nos referimos ao concepto de ROL aludimos ao conxunto de tarefas e funcións que, segundo a pertenza ao sexo feminino ou masculino, deben realizar os seres humanos na sociedade.

Malia que os roles regulan as tarefas e funcións que desempeñan homes e mulleres, os comportamentos e actitudes están relacionados co concepto de estereotipos.

Os ESTEREOTIPOS son ideas simples e arraigadas que repercuten na formación da identidade de homes e mulleres que ven como sistematicamente se lles recompensa ou castiga en función do cumprimento ou non das expectativas de xénero do seu grupo social, indican o que é correcto ou incorrecto en función do sexo do individuo.

Así, na sociedade actual realízase a seguinte asignación de estereotipos:

	FEMININOS	MASCULINOS
ESTEREOTIPOS EN FUNCIÓN DA PERSONALIDADE	Dependencia, falta de control emocional, medo, pasividade, curiosidade, submisión, fragilidade, falta de iniciativa, afectividade, deleite do corpo,...	Independencia, estabilidade emocional, valentía, actividade, autoridade, control, dinamismo, dureza, complexión atlética, obxectividade,...

Partindo desta realidade nacen os MITOS SOBRE A VIOLENCIA que persisten como verdades no discurso social e preséntanse como respostas sinxelas e cuestións complexas gardando unha profunda sintonía cos roles e estereotipos asignados a cada sexo.

Os mitos cumpren unha función de encubrimiento da amplitude do fenómeno dos malos tratos ao explicar a violencia como un factor alleo aos homes, negando a intencionalidade e favorecendo a minimización e ocultación dos feitos.

Resulta necesario que as e os profesionais que traballan coas vítimas reflexionen sobre os propios prexuízos sexistas, mitos e estereotipos adquiridos durante o proceso de socialización que poden contribuír a vitimizar dobremente á muller mediante comentarios de minimización da situación de malos tratos.

Así, a continuación preséntase unha relación dos mitos máis comúns na sociedade actual:

1. “Un home non maltrata porque si, ela tamén faría algo para provocalo”.

Isto supón afirmar que a vítima é a culpable directa da agresión. A muller agrediría ao home verbalmente, provocando a reacción da agresión física por parte do home. Esta afirmación resulta falsa tras varios estudos que demostran que a muller reprime e evita as agresións tomando unha actitude pasiva ante o agresor, unha posición de submisión. O home

ve como unha provocación que a muller exprese desexos ou opinións polo feito de sentirse desautorizado. A provocación para el é a falta de control.

2. “Se se teñen fillas/os é mellor aguantar”.

Ser testemuñas de violencia ten consecuencias graves sobre o benestar emocional das nenas e dos nenos. A decisión máis responsable é afastar os e as menores do ambiente violento, xa que pode afectarlles tanto na súa saúde física como na adquisición de valores negativos para o seu desenvolvemento emocional.

3. “Os homes son violentos por natureza”.

En xeral, os agresores non son violentos con outras persoas, adoitan ser afables, amables. Por tanto, o problema non é controlar a ira, senón que deciden descargarla cunha persoa en concreto por considerar que teñen pleno dereito para facelo, para exercer a súa autoridade e control.

4. “A violencia de xénero é unha perda momentánea de control ou porque teñen problemas psicolóxicos”.

A violencia de xénero segue un ciclo que se repite constantemente, non son feitos illados, senón frecuentes. Non se trata dunha explosión puntual, senón de actos premeditados que buscan a descarga de tensión e que normalmente van en aumento, comezando por un empurrón e rematando en moitos casos coa morte da vítima. Na maioría dos casos non existen problemas psicolóxicos, senón que o agresor elixe a vítima, o momento de agredila e a forma de agresión. É un feito controlado e premeditado polo agresor.

5. “Os malos tratos prodúcense nas familias con problemas”.

Todas as familias teñen problemas, o que se produce é unha variante no enfrontamento destes. A violencia é unha forma de resolución que agrava a situación existente e en ningún caso pode ser considerada como unha solución.

6. “Só son violentos os homes que consomen drogas, alcohol...”

Esta afirmación unicamente contribúe a xustificar unha conduta nociva, xa que na maioría dos casos nos que o home exerce a violencia non se atopa baixo os efectos de ningún estimulante e non dubida en exercer a violencia igualmente. Os datos demostran que na maioría dos casos son persoas que socialmente están ben recoñecidas.

7. “A violencia na casa é un asunto privado en non debe saír dese ámbito”.

Ningún acto que lle provoque danos a unha persoa, físicos ou psicolóxicos, pode considerarse privado, senón que é un delito contra a liberdade e a seguridade das persoas; constitúe unha lacra social que debe erradicarse para que a muller teña un desenvolvemento pleno en todos os ámbitos da vida, tanto no político, como no social e económico.

8. “Se non marchan é porque lles gusta ou son *masocas*”.

Son varios os factores que influen para que a muller soporte esta situación, como poden ser a dependencia económica, a falta de relacións afectivas, a esperanza de cambio de parella, vergoña a facer pública a súa situación, medo a ser agredida novamente, crer que as fillas e os fillos sufrirán emocional e economicamente, pensar que non será capaz de vivir sen el, medo a que a familia non comprenda a súa situación, etc. Non é sinxelo determinar un aspecto concreto, polo que en moitos casos as mulleres deciden non denunciar o agresor. O que si é certo é que na maioría dos casos en que se produce a morte da agredida non se presentara ningunha denuncia previa.

9. “Sempre se esaxera a realidade cando se fala de violencia contra as mulleres”.

Este é outro dos mitos que contribúe a agochar ou restarlle importancia a un problema social que constitúe unha das maiores causas de mortandade feminina no mundo, máis que o cancro de mama ou os accidentes de tráfico. Non é unha esaxeración, é unha realidade presente en todas as sociedades do mundo e que hoxe en día continúa somerxido na intimidade de moitos fogares.

10. “Só existe violencia nos sectores sociais de escasos recursos económicos e formación”.

Este é un dos mitos máis empregados e erróneos. A violencia está presente en todos os estratos sociais, aínda que nos casos en que a muller agredida pertence ao nivel socioeconómico medio-alto non adoita denunciar a súa situación por non danar a imaxe da súa parella ou ben acode a servizos de carácter privado.

A ESCALADA DA VIOLENCIA NUNHA RELACIÓN DE PARELLA

Tal e como recolle no seu libro Leonore Walker, psicóloga e autora da “Teoría do ciclo da violencia” (1984), pódense establecer unha serie de etapas nas relacións nas que existen malos tratos que nos axudan a explicar como se producen e se manteñen os malos tratos nunha relación, ao mesmo tempo que nos axudan a entender moitos dos problemas e sentimentos das mulleres que sofren este tipo de violencia.

Fase de acumulación de tensión:

O maltratador comeza a amosarse tenso e irritable, calquera comportamento da muller esperta nel unha reacción de enfado. A muller sorprendida tenta falar con el para solucionar o problema e/ou ver a causa; pero isto só provoca máis enfados no home que lle reprocha ser excesivamente dependente e empalagosa. A muller, para non molestarlo, comeza a non facer nada, tenta non expresar a súa opinión porque sabe que el expresará a contraria e entón haberá “bronca”; tamén tenta facer as menores cousas posibles, entra nunha fase de inmovilidade, pero isto tampouco salva á muller, xa que o home a vai acusar de ser case un “moble”, que non fai nada, que é unha persoa aburrida.

Se ela se queixa, el negarao todo, polo que vira toda a culpabilidade nela e esa desigualdade que o home construíu ao longo da relación é empregada para calar a muller. Téntaa convencer de que el ten a razón e non ela e que a súa percepción da realidade é equivocada.

Ela acaba dubidando da súa propia experiencia e considérase culpable do que pasa. Isto vai reforzar aínda máis o comportamento do home.

El distánciase emocionalmente, a muller asústase pensando que o vai perder e que, se isto ocorre, será culpa súa porque non soubo conservar o seu amor.

O home xa non sente ningún amor, distánciase e cada vez está máis irritable.

Ela descúlpase unha e outra vez, confiando en solucionar así a situación, pero el fártase e sente a necesidade de castigala verbal, fisicamente, ou de ambas formas á vez.

Fase de explosión violenta:

Como o seu nome indica, o home acaba estourando, perde o control e castiga moi duramente a súa parella verbal ou fisicamente.

Insúltaa, golpéaa, rompe cousas, ameaza con matar os fillos e as fillas e a ela mesma, interrómpele o sono, viólaa,...

A muller, que só tentaba salvar a relación, vese agora impotente e débil, a desigual balanza que se veu establecendo ao longo dos anos parálizaa.

Non toma represalías, todo o poder está nel, iso aprendeuno moi ben e fixo que a muller entrase nunha fase de “indefensión aprendida” que lle impide reaccionar.

Fase de “Lúa de Mel”:

O agresor séntese moi arrepentido da súa conduta (polo menos as primeiras veces), pide perdón, promete cambiar. E realmente cambia; durante esta fase convértese no home máis “encantador” do mundo, lévalle o almorzo á cama, cúralle as feridas e incluso se fai cargo das tarefas domésticas, en definitiva, cédelle todo o poder a ela.

A muller nesta situación séntese en éxtase, ten o poder e ao seu home detrás responsabilizándose e amándoa. El deixa de poñer tantas restricións, reláxase un pouco e permítelle as saídas, se bebía deixa de beber, incluso pode ir a terapia.

A muller, ao ver estes cambios, pensa que, se pode deixar a bebida, pode deixar de pegarlle e pensa que de verdade non voltará a ocorrer, xa que equivocadamente ela relaciona (nunha porcentaxe moi alta) o maltrato coa inxestión de alcohol, sen pararse a pensar que cando bebe el non maltrata a todo o mundo, senón que só a maltrata a ela.

Escalada da violencia:

Unha vez que xa conseguiu o perdón da súa vítima, séntese de novo seguro na relación, xa a recuperou e non ten que seguir compracéndoa, comeza de novo a irritabilidade e os abusos e, cando ela quere exercer o seu recentemente conseguido poder, castígaas duramente.

Cada vez a muller é máis dependente, cada vez ten menos enerxía para loitar (indefensión aprendida). É o marido ou parella, e non ela, quen controla estes ciclos e o que decide cando se acaba a “lúa de mel”.

Ela comeza a darse de conta de que faga o que faga non pode controlar o comportamento do seu marido, os malos tratos son arbitrarios e indiscriminados. A muller só ten enerxías para intentar manterse con vida dentro da relación ou para que non se implique aos fillos e fillas.

Os ciclos de violencia vanse sucedendo ata que finalmente desaparece a “Lúa de mel”.

Profundizar como profesionais no coñecemento da violencia de xénero e, particularmente, nas consecuencias deste ciclo sobre homes e mulleres, conduciríanos a poder axudar en maior medida á muller agredida, ofrecéndolle a protección e axuda que precisa e evitándolle maiores sufrimentos e incluso o risco de perder a súa vida.

O ciclo da violencia explicaría por que algunhas mulleres agredidas retiran as denuncias interpostas na fase de agresión.

DELITOS RELACIONADOS COA VIOLENCIA DE XÉNERO NO CÓDIGO PENAL

O DELITO DE LESIÓNS NO CÓDIGO PENAL:

O delito de lesiões está regulado no Título II do Libro II do Código Penal, no artigo 147 que di:

1. *O que, por calquera medio ou procedemento, causara a outro unha lesión que menoscabe a súa integridade física ou mental, será castigado como reo do delito de lesiões coa pena de prisión de seis meses a tres anos, sempre que a lesión requira obxectivamente para a súa saúde, ademais dunha primeira asistencia facultativa, tratamento médico ou cirúrxico. A simple vixilancia ou seguimento facultativo do curso da lesión non se considerará tratamento médico.*

Coa mesma pena será castigado o que, no prazo dun ano, realizara catro veces a acción descrita no artigo 617 deste Código.

2. *Non obstante, o feito descrito no apartado anterior será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a doce meses cando sexa de menor gravidade, atendidos o medio empregado ou o resultado producido.*

Menciona o apartado primeiro do artigo transcrito no segundo parágrafo o artigo 617 C.P., este establece a Falta de Lesiões establecendo o seguinte:

1. *O que, por calquera medio ou procedemento, causase a outro unha lesión non definida como delito neste Código será castigado coa pena de localización permanente de seis a doce días ou multa de un a dous meses.*
2. *O que golpera ou maltratara de obra a outro sen causarlle lesión será castigado coa pena de localización permanente de dous a seis días ou multa de dez a trinta días.*

As penas aplicables a este delito establécense no artigo 148:

As lesiões previstas no apartado 1 do artigo anterior poderán ser castigadas coa pena de prisión de dous a cinco anos, atendendo ao resultado causado ou risco producido:

1. *Se na agresión se utilizaron armas, instrumentos, obxectos, medios, métodos ou formas concretamente perigosas para a vida ou saúde, física ou psíquica, do lesionado.*
2. *Se mediara ensañamento ou alevosía.*
3. *Se a vítima fora menor de doce anos ou incapaz.*
4. *Se a vítima fora ou fose esposa, ou muller que estivera ou estivese ligada ao autor por unha análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.*
5. *Se a vítima fose unha persoa especialmente vulnerable que conviva co autor.*

O artigo 149 continúa relatando algúns supostos de agravante da pena principal polo delito de lesiões, así este precepto di que:

1. *O que causase a outro, por calquera medio ou procedemento, a perda ou a inutilidade dun órgano ou membro principal, ou dun sentido, a impotencia, a esterilidade, unha grave deformidade, ou unha grave enfermidade somática ou psíquica, será castigado coa pena de prisión de seis a doce anos.*
2. *O que causase a outro unha mutilación xenital en calquera das súas manifestacións será castigado coa pena de prisión de seis a doce anos. Se a vítima fose menor ou incapaz, será aplicable a pena de inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento por*

tempo de catro a dez anos, se o xuíz o estima adecuado ao interese do menor ou incapaz”

Do mesmo xeito, o artigo 150 C.P sinala que:

O que lle causara a outro a perda ou inutilidade dun órgano ou membro non principal, ou a deformidade, será castigado coa pena de prisión de tres a seis anos.

O artigo 151 establece que *a provocación, a conspiración e a proposición para cometer delitos previstos nos artigos precedentes deste Título será castigada coa pena inferior en un ou dous graos á do delito correspondente.*

O artigo 152 establece algúns supostos de penas atenuadas, tales como:

1. *O que por imprudencia grave causare algunha das lesións previstas nos artigos anteriores será castigado:*
 - a. *Coa pena de prisión de tres a seis meses, se se tratara das lesións do artigo 147.1.*
 - b. *Coa pena de prisión de un a tres anos, se se tratara das lesións do artigo 149.*
 - c. *Coa pena de prisión de seis meses a dous anos, se se tratara das lesións do artigo 150.*
2. *Cando os feitos referidos neste artigo se cometeran empregando un vehículo a motor, un ciclomotor ou unha arma de fogo, imporase do mesmo xeito, e respectivamente, a pena de privación do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores ou o dereito á tenencia e porte de armas por tempo de un a catro anos.*
3. *Cando as lesións fosen cometidas por imprudencia profesional imporase, así mesmo, a pena de inhabilitación especial para o exercicio da profesión, oficio ou cargo por un período de un a catro anos.*

O artigo 153 describe os delitos de Violencia de Xénero e de Violencia Doméstica do seguinte xeito:

1. *O que por calquera medio ou procedemento causara a outro menoscabo psíquico ou unha lesión non definidos como delito neste Código, ou golpeara ou maltratara de obra a outro sen causarlle lesión, cando a ofendida sexa ou fose esposa, muller ou que estea ou estivese ligada a el por unha análoga relación de afectividade aínda sen convivencia, ou persoa especialmente vulnerable que conviva co autor, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a oitenta días e, en todo caso, privación do dereito á tenencia e porte de armas de un ano e un día a tres anos, así como, cando o Xuíz ou o Tribunal o estime adecuado ao interese do menor ou incapaz, inhabilitación para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento ata cinco anos.*

2. *Se a vítima do delito previsto no apartado anterior fora algunha das persoas ás que se refire o artigo 173.2, exceptuadas as persoas contempladas no apartado anterior deste artigo, o autor será castigado coa pena de prisión de tres meses a un ano ou de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a oitenta días e, en todo caso, privación do dereito á tenencia e porte de armas de un ano e un día a tres anos, así como cando o Xuíz ou Tribunal o estime adecuado ao interese do menor ou incapaz, inhabilitación para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento de seis meses a tres anos.*

3. *As penas previstas nos apartados 1 e 2 imporanse na súa metade superior cando o delito se perpetrare en presenza de menores, ou utilizando armas, ou teña lugar no domicilio común ou no domicilio da vítima, ou se realice quebrantando unha pena das contempladas no artigo 48 deste Código ou unha medida cautelares ou de seguridade da mesma natureza.*

4. *Non obstante o previsto nos apartados anteriores, o Xuíz ou tribunal, razoándoo en sentenza, en atención ás circunstancias persoais do autor e as concorrentes na realización do feito, poderá impor a pena inferior en grao.*

VIOLENCIA DE XÉNERO:

Para que exista violencia de xénero deberá concorrer:

1. Violencia física, psíquica ou psicolóxica que produza un agravio na vida, integridade física ou moral, na liberdade, na liberdade sexual, na capacidade de decisión e/ou na tranquilidade da vítima.
2. Que a vítima sexa, con respecto ao autor do delito, esposa, ex-esposa, parella, ex-parella (aínda sen existir convivencia) ou calquera outra análoga relación de afectividade (artigo 1.1 LO 1/2004).
3. Que esa violencia física/psíquica ou psicolóxica exprese discriminación da muller, desigualdade ou relación e poder dos homes sobre as mulleres (artigo 1.3 LO 1/2004).

Son delitos de violencia de xénero:

1. Pode ser calquera tipo delitivo contra as persoas (homicidio, lesións, ameazas,...) onde coincidan os tres requisitos mencionados no parágrafo anterior.
2. Son, unicamente, delitos de violencia de xénero, polo tanto de forma exclusiva, os tipos penais recollidos nos artigos 153.1 (polo que se eleva de falta a delito o maltrato de obra ou o menoscabo psíquico leve) e o 148.4 (delito de lesións agravado) do Código Penal en vigor.

Por exemplo, un home mata á súa muller. Non se trata dun delito de violencia de xénero exclusivo, senón dun delito de homicidio que foi susceptible de converterse noutra figura delitiva especial tendo en conta as figuras dos suxeitos, tanto activo como pasivo.

CONCLUSIÓN:

Son todos aqueles delitos nos que o obxecto de protección sexan os bens xurídicos persoais fundamentais da muller, sobre os agravios do seu marido, ex -marido ou parella que conviva ou convivira con ela.

VIOLENCIA DOMÉSTICA:

Para que exista violencia doméstica ten que concorrer:

1. Violencia física, psíquica ou psicolóxica que produza un agravio na vida, integridade física ou moral, na liberdade, na liberdade sexual, na capacidade de decisión e/ou na tranquilidade da vítima.
2. Que a vítima sexa respecto ao autor do delito membro do mesmo núcleo familiar (ascendentes, descendentes, irmáns de natureza ou de adopción, menores ou incapaces que convivan co autor ou sexa este suxeito quen exerza a súa potestade, cónxuxe sempre que non sexa susceptible de ser vítima de violencia de xénero - artigo 173.2 Código Penal-.)
3. Que se aprecie habitualidade, definida como proximidade temporal entre os diversos actos violentos, independentemente de se son diferentes as vítimas ou se foron actos xa xulgados ou non.

Son delitos de **violencia doméstica**:

1. Os recollidos de forma exclusiva no artigo 173.2 do Código Penal.
2. Os recollidos no artigo 153.2 polo que se elevan a delito as faltas de lesións leves ou mal trato, cando as vítimas son as recollidas no artigo 173.2 do Código penal).

NOTA:

Existen certos casos que se poden incluír dentro da violencia doméstica pero non entran dentro da habitualidade. É dicir, o lexislador preveu incluír neste concepto os delitos do artigo 153.2 C.P aínda sendo condutas únicas e puntuais (que recordemos eran lesións ou menoscabos constitutivos de falta que foran elevados a delito). A razón é que con esa lesión, ou menoscabo leve, vexación, etc..., aínda sendo un acto singular, atenta ou ameaza, e incluso lesiona, a integridade moral das vítimas, que recordemos pertencen ao mesmo núcleo familiar que o agresor.

DIFERENZAS BÁSICAS ENTRE VIOLENCIA DOMÉSTICA E VIOLENCIA DE XÉNERO

DIFERENZAS	VIOLENCIA DOMÉSTICA	VIOLENCIA DE XÉNERO
SUXEITO ACTIVO	Calquera persoa integrante dun núcleo familiar.	Home, marido, parella, ex home, ex marido, ex parella.
SUXEITO PASIVO	Calquera persoa integrante do mesmo núcleo familiar que o agresor (artigo 173.2)	Muller, esposa, parella, ex muller, ex esposa, ex parella (aínda que non existira convivencia).
TEMPO	Habitualidade das accións (varias accións durante certo tempo) En certos casos si se reconece a violencia doméstica ante un acto singular. Son os casos do artigo 153.2.	Non require habitualidade. Unha soa acción é suficiente para considerarse violencia de xénero.
BEN XURÍDICO PROTEXIDO	Integridade moral das vítimas. Ademais do ambiente familiar normal, pacífico e de convivencia.	Bens xurídicos persoais fundamentais da muller (vida, integridade física, moral, etc.)
AUTONOMÍA XURÍDICA	Delito que presume de autónomo e específico (artigos 173.2 e 153.2)	Non presume de autonomía. Básase en condutas xa tipificadas como delitos. Salvo o 153.1 e o 148.4 que se cualifica como violencia de xénero específica.
INCORPORACIÓN DOUTRINAL	Data de 1989, no antigo Código Penal (artigo 425).	Data do 2004, coa implantación da nova Lei 1/2004.
CUALIFICACIÓN PENAL	O lexislador quixo outorgar maior protección aos bens xurídico-persoais dos suxeitos pasivos da violencia doméstica e a violencia de xénero cualificando case todas as condutas como delito aínda que estas sexan constitutivas de falta (artigo 620) pola súa pouca gravidade.	

EXEMPLOS:

Un home que agrede a súa (ex) esposa, parella, noiva ou a calquera que mantivera unha relación de análoga afectividade co agresor (aínda que non exista convivencia):

- a.** Se causa **lesión constitutiva de delito** (require intervención cirúrxica, tratamento médico e/ou seguimento, etc...) (artigo 148.4 de delito de lesións agravado e castigado con pena privativa de liberdade de 2 a 5 anos).
- b.** Se causa **lesión constitutiva de falta** (hematomas, non requiren intervención cirúrxica, primeira intervención) (artigo 153.1 de delito de violencia de xénero específica castigada con pena de prisión de 6 meses a 1 ano - extremo instaurado a partir da reforma do CP, pola que se aprobaba a instauración de medidas de protección ás vítimas de violencia de xénero).

Unha muller agrede ao seu (ex) esposo, noivo ou a calquera co que mantivese unha relación de análoga afectividade coa agresora (aínda sen convivencia).

- a.** Se causa **lesión constitutiva de delito** (require intervención cirúrxica, tratamento médico e/ou seguimento, etc...) (artigo 148: delito de lesións xenérico. Pode que sexa plicable o apartado 5º referente as persoas vulnerables que convivan co autor). Hai que atender ás consecuencias e á gravidade dos feitos para establecer a pena.
- b.** Se causa **lesión constitutiva de falta** (hematomas, non requiren intervención cirúrxica, primeira intervención). Artigo 153.2: DELITO ESPECIAL, castigado con pena de prisión de 3 meses a 1 ano.

Agresión entre unha parte e a outra dun matrimonio homosexual, parella de feito homosexual, así como ex matrimonio ou ex parella (aínda que non exista ou existira convivencia).

- a.** Se causa **lesión constitutiva de delito** (require intervención cirúrxica, tratamento médico e/ou seguimento, etc...) (artigo 148: delito de lesións xenérico. Pode que sexa aplicable o apartado 5º referente as persoas vulnerables que convivan co autor). Hai que atender ás consecuencias e á gravidade dos feitos para establecer a pena.
- b.** Se causa **lesión constitutiva de falta** (hematomas, non requiren intervención cirúrxica, primeira intervención). Artigo 153.2: DELITO ESPECIAL, castigado con pena de prisión de 3 meses a 1 ano.

A ACTUACIÓN POLICIAL EN CASOS DE MALOS TRATOS NO ÁMBITO DOMÉSTICO

A resposta a requerimentos por violencia familiar:

A experiencia amósanos que boa parte dos casos de malos tratos son crónicos; é dicir, que se repiten periodicamente e, ademais, as agresións soen producirse cada vez cun maior nivel de violencia, chegando a causar graves lesións ou incluso a morte das vítimas. Do insulto pásase ao empurrón; deste ás puñadas e ás patadas, e non poucas veces se evoluciona a agresión con paus, armas brancas, ou calquera obxecto ou substancias perigosas, relativamente fácil de encontrar en calquera vivenda.

Noutras verbas, atopámonos nunha situación potencialmente grave que nunca se debe minimizar e que require sempre unha resposta policial rápida e moi especialmente se a chamada se refire a unhas persoas ou a un domicilio relacionados con anteriores casos de maltrato.

En consecuencia, as Xefaturas de Servizo daranlle prioridade a este tipo de requerimentos sobre outras situacións que revistan menor gravidade ou urxencia. E, sempre que coñezan que o requerimento está referido a un caso coñecido con anterioridade, priorizarán aínda máis a chamada e porán este feito en coñecemento das patrullas que vaian efectuar a intervención.

O primeiro contacto coa situación:

O primeiro aspecto a ter en conta é que nos atopamos nunha situación moi especial, na que se mesturan sentimentos moi complexos e contraditorios entre o agresor e a vítima.

A diferenza doutros delitos, nestes casos, ademais da típica relación vítima/delincuente, existe unha historia de convivencia máis ou menos longa (que na maior parte dos casos prolongarase aínda durante un tempo indefinido); relacións de afectividade, con frecuencia, unha relación de dependencia económica da vítima respecto do seu agresor, fillos e fillas comúns, relacións familiares,...

Por todas estas razóns, sobre todo cando se producen os primeiros casos de maltrato nunha mesma unidade familiar, resulta previsible que a colaboración da vítima coa Policía resulte moi limitada, o que soe espertar a frustración e a incompreensión dos e das Axentes sen experiencia neste tipo de actuacións, que non acadan a entender a negativa da vítima a denunciar ou, incluso, a facilitar a intervención policial para auxiliala.

De aquí, a importancia de coñecer as especiais e complexas características que rodean estas agresións, para desenvolver unha actuación policial que debe ser cauta e paciente, se pretende resultar eficaz.

Algúns aspectos fundamentais nesta fase da intervención son os seguintes:

1. Se o encontro da Policía coas persoas implicadas se produce na vivenda, hai que recordar o dereito fundamental á **INVIOLABILIDADE DO DOMICILIO**. En consecuencia, a entrada policial só será legalmente posible no caso de que se teña constancia da existencia dun delito flagrante (que se está cometendo nese mesmo momento) ou contando co permiso dos seus moradores (tendo en conta que bastaría o permiso da vítima para acceder ao domicilio). Neste último suposto, resultará importante que a autorización se produza ante testemuñas, para previr futuras contradicións.

2. Débese procurar a separación física (o máis distante posible) entre o agresor e a súa vítima, para facilitar unha comunicación libre con esta última. Unha excusa recorrente para facilitar esta separación é que unha das persoas que compoñen a patrulla invite ao suposto agresor ao coche patrulla, para comprobar os datos de identidade, mentres o compañeiro ou compañeira permanece na vivenda coa vítima. Outra posibilidade é introducir á vítima na vivenda dalgún veciño/a, mentres o suposto agresor agarda no domicilio familiar. En calquera caso, intentarase salvagardar en todo o posible a intimidade da vítima.

A actuación coa vítima no lugar dos feitos:

Na actuación policial coa vítima no lugar dos feitos, haberá que ter en conta:

1. Despois da agresión a vítima atópase nun estado de forte desánimo e desolación. O/a Policía que a entreviste no lugar dos feitos debe tratar de infundir calma e seguridade, escoitando o seu relato e retendo os datos que considere máis relevantes para valorar a situación a efectos da posterior actuación policial.
2. Invítase á vítima a que acuda ás dependencias policiais, para que poida reflexionar sobre as decisións a tomar con maior liberdade e tranquilidade e poder informala axeitadamente dos seus dereitos e dos recursos que o Concello e outros Organismos poñen á súa disposición.
3. Se existen lesións físicas, proporáselle acompañala a un Centro Asistencial para que se produza a asistencia sanitaria e se poida emitir o correspondente Parte de Lesións.
4. En moitas ocasións, non vai resultar conveniente abordar o tema da presentación da denuncia no lugar dos feitos, de tal xeito que a vítima non asocie automaticamente a idea de “acudir a dependencias policiais coa presentación de denuncia”. Os/as policías actuantes sempre deberán ter moi presente a situación de crise e presión que vive a vítima neses momentos, polo que resultará máis fácil adoptar unha decisión nun ámbito máis protector, alonxado do lugar dos feitos.
5. No suposto de que a vítima se negue a acudir ás dependencias policiais:
 - a. Sempre se lle aconsellará a presentación da denuncia.
 - b. Informaráselle da existencia do Centro de Información á Muller, onde unha avogada e unha psicóloga a poden asesorar nos pasos a seguir e do resto de recursos que están á súa disposición.
 - c. Se desexa abandonar a súa vivenda, ofreceráselle a posibilidade de acompañala ao domicilio de amizades e/ou familiares, a un hotel ou a unha Casa Refuxio, e axudaráselle á recollida dos efectos persoais que estime pertinentes, mantendo alonxado ao agresor.
 - d. Facilitaráselle os teléfonos dos Servizos Municipais - C.I.M., para que poida empregarlos no futuro se reconsidera a súa posición ou desexa recorrer a asesoramento ou atención non policial.
6. En calquera suposto recolleranse todos os datos de filiación (da vítima, fillos e fillas, testemuñas, etc) para as actuacións posteriores que sexa preciso levar a cabo.
7. En calquera suposto realizarase informe á Xefatura da Policía local.

A actuación co agresor no lugar dos feitos:

O criterio a seguir na actuación policial en relación co suposto agresor será a seguinte:

1. Como xa se avanzou anteriormente, buscando calquera excusa, procurarase a separación física, a maior distancia posible, entre vítima e agresor, co obxecto de que a vítima poida comunicarse con maior liberdade.
2. En caso de estimarse necesario e sempre que se producise unha agresión grave ou a través de armas ou obxectos intervidos que poidan considerarse proba da infracción penal poranse a disposición da Autoridade Xudicial.
3. Solicitarase a súa documentación, acompañándoo ás Dependencias Policiais a efectos de identificación, no suposto de que non poida presentala. En calquera caso tomarase

a súa filiación completa, para tomar as decisións que correspondan unha vez valorada a situación.

4. Solicitarase a súa versión dos feitos, tomando as notas que se estimen necesarias.
5. No suposto de entender que existe delito de lesións practicarase a detención. Nos supostos de faltas, só se practicarás a detención no caso de non acreditarse domicilio.
6. Terase moi en conta o carácter público dos delitos e faltas de lesións, polo que os funcionarios actuantes formularán a correspondente denuncia, sempre que tiveran constancia da produción do delito ou falta, por si mesmos, ou a través de testemuñas e, aínda que a vítima non o desexe, por calquera circunstancia, formular denuncia.

Asesoramento á vítima en dependencias policiais:

Nas dependencias policiais, a primeira actuación consistirá en asesorar a vítima sobre os dereitos básicos que a amparan:

1. Que a ausencia do domicilio por temor á súa integridade física ou psíquica, ou a dos seus fillos e fillas, non supón abandono de fogar se denuncia antes de 30 días dende que se produciu o maltrato.
2. Que se poden adoptar medidas provisionalísimas por parte do Xuíz competente, sobre a utilización da vivenda familiar, a custodia dos fillos e fillas, etc.
3. A conveniencia de dirixirse ao Centro de Saúde para ser atendida e dispoñer dunha proba documental (o parte de lesións), no caso de que non o fixera aínda.
4. Que poidan denunciarse tanto as lesións físicas como psíquicas.
5. Que no caso de que exista reiteración nas agresións imporáselle ao maltratador unha pena máis grave.
6. Se a vítima manifesta temor a presentar a denuncia, polas consecuencias posteriores que puideran existir para ela, ofreceráselle a posibilidade de que sexan os/as axentes actuantes os/as que a presenten.
7. Finalmente, facilitaráselles información da existencia dos servizos do Centro de Información á Muller no Concello que está á súa disposición.
8. En todos os supostos de maltrato físico ou psíquico, a excepción de aqueles nos que se practicara a detención do suposto agresor, ofrecerase á vítima a posibilidade de tramitar a súa denuncia nas dependencias de Policía Local.

TRAMITACIÓN DE DENUNCIAS POLA POLICÍA LOCAL. CONTIDOS MÍNIMOS DO ATESTADO.

(Texto extraído do “Protocolo de Actuación das Forzas e Corpos de Seguridade e de Coordinación cos órganos xudiciais para a protección das vítimas de violencia doméstica e de xénero”)

1. MANIFESTACIÓN DA VÍTIMA

Con antelación ao comezo das declaracións, informarase á vítima do dereito a solicitar a defensa xurídica especializada, e no seu caso gratuíta, de forma inmediata ou ben a designar un/unha avogado/a da súa elección. Se o solicita a vítima, requirirase a presenza de Avogado/a pertencente ao Servizo de Garda de 24 horas, permitíndolle neste caso coñecer o contido do Atestado.

Así mesmo, preguntaráse sobre a existencia de lesións e, en caso positivo:

- Se xa foi asistida nalgún centro sanitario e dispón de parte médico de asistencia, achegarase á denuncia.
- Noutro caso, ofreceráselle a posibilidade de ser trasladada a un centro sanitario para recibir atención médica, achegando á denuncia o parte médico que se emita.
- Se a vítima non desexa ser trasladada a un centro sanitario, deixarase constancia escrita, mediante dilixencia, das lesións aparentes que poidan apreciarse e solicitarase á vítima a realización de fotografías das mesmas para unilas á denuncia. Tamén se lle preguntará se foi asistida no Centro de Información á Muller do Concello, ou nos Servizos Sociais doutro Concello e, en caso afirmativo,

achegaranse ao atestado os informes elaborados polos Servizos Sociais ou polo equipo psicolóxico destes servizos que faciliten a actividade probatoria, se son achegados pola vítima ou facilitados polos servizos sociais, deixando constancia expresa da autorización da vítima para ese efecto.

Tendo en conta a situación emocional da vítima, deberase respectar que esta exprese de xeito espontáneo, sen ser interrompida no relato dos feitos, procurando que a declaración sexa o máis exhaustiva e detallada posible.

Preguntaráselle, en primeiro lugar, acerca dos datos que permitan realizar xestións inmediatas tendentes a garantir a súa propia seguridade e a dos seus fillos e fillas e á detención do agresor, no seu caso.

Unha vez efectuada a declaración espontánea da vítima, deberá completarse o atestado coa maior información posible e, en todo caso, requirirase dela a información que se relaciona nos seguintes apartados, sen prexuízo da posibilidade de formular outras preguntas que se consideren necesarias para completar a investigación policial.

2. DATOS DA VÍTIMA E O SEU AGRESOR

1. Filiación da persoa ou persoas maltratadas.
2. Domicilio e teléfono de contacto.
3. Filiación do agresor ou agresores.
4. Domicilio e teléfono/s.
5. Relación familiar, afectiva ou doutro tipo entre a vítima e o agresor.
6. Tempo de convivencia.
7. Profesión e situación laboral do agresor.
8. Centro de traballo.
9. Situación económica do mesmo.
10. Comportamento do agresor no cumprimento das cargas familiares.
11. Descrición do temperamento do agresor.
12. Estado de saúde (enfermidades, tratamentos médicos, etc.)
13. Adiccións, toxicomanías,... do agresor.
14. Lugares que frecuenta.
15. Armas que posúa (se coñece se a súa tenencia é legal ou ilegal e se debe portar armas debido ao seu traballo).
16. Vehículo/s que utiliza o agresor.

3. DATOS DO GRUPO FAMILIAR

1. Compoñentes do grupo familiar, no seu caso, especificando se existen fillos e/ou fillas, comúns ou non, e se conviven coa parella ou non. Datos de identidade e idade dos mesmos.
2. Existencia de procedementos civís de separación ou divorcio e, en tal caso, xulgado no que se tramitaron ou se están tramitando e medidas que se adoptaron en relación co uso da vivenda e a custodia dos fillos e fillas, se os houbera.
3. Situación laboral da vítima.
4. Situación económica da vítima.
5. Dependencia económica doutras vítimas que convivan con ela (ascendentes, descendentes...).
6. Situación en que se atopan os/as menores que dela dependan, se houbera.
7. Lugares que frecuenta a vítima/as (lugares de traballo, lecer, colexios,...)

4. DATOS DA VIVENDA E PATRIMONIAIS

1. Réxime matrimonial (ganancial, separación de bens,...), se estivesen casados.
2. Tipo de vivenda familiar (propiedade, aluguer, etc).
3. Medidas de seguridade con que conta a vivenda.
4. Situación da vivenda (en comunidade ou illada).

5. Outras vivendas da súa propiedade ou do agresor.
6. Vehículos propiedade da vítima.
7. Familiares ou amizades que poidan prestarlle calquera tipo de axuda.

5. FEITOS

1. Descrición dos feitos. O relato dos feitos será cronolóxico, claro e preciso. Solicitarase á vítima que expoña os feitos coas súas propias palabras, sen modificar as súas expresións en atención á eventual crueza das mesmas.
2. Lugar dos feitos.
3. Data/s en que se produciron.
4. Motivos esgrimidos polo autor.
5. Tipos de malos tratos: físico, psicolóxico,... Os malos tratos ocasionados debe relatarse con todo tipo de detalles, fuxindo de expresións xenéricas e reflectindo o máis fielmente posible as palabras utilizadas, os insultos, as ameazas, etc...así como as accións que se produciron.
6. Medios utilizados.
7. Estado de saúde da vítima (enfermidades, tratamentos médicos, etc).
8. Feitos anteriores similares, aínda que non foran denunciados.
9. Denuncias formuladas por feitos anteriores. Se recorda, cando e ante quen.
10. Se goza do amparo dalgunha orde de protección.
11. Se os malos tratos se produciron en presenza de menores.
12. Se algún outro membro da unidade familiar ou convivinte foi, igualmente, obxecto de malos tratos polo denunciado. En caso positivo, informaráselle da posibilidade de solicitar Orde de Protección para tales vítimas.
13. Testemuñas que poidan corroborar os feitos denunciados (familiares, amizades, persoas do vecindario, etc).

6. SOLICITUDE DE MEDIDAS DE PROTECCION E SEGURIDADE

En todo caso informarase á vítima da posibilidade de solicitar unha Orde de Protección ou outra medida de protección ou seguridade, así como do contido, tramitación e efectos das mesmas. En caso positivo, cumprimentarase dita solicitude e remitirase ao Xulgado competente xunto co atestado.

7. COMPARECENCIA E MANIFESTACIÓN DO DENUNCIADO

1. Apuntarase a súa filiación completa.
2. A toma de manifestación do denunciado deberá ir dirixida a un coñecemento exhaustivo dos feitos e a facilitar a investigación policial, así como a resolución que teña que adoptar a Autoridade Xudicial.
3. As contestacións proporcionadas pola vítima han de ser contrastadas coa formulación doutras tantas preguntas ao denunciado que permitan esclarecer os feitos obxecto da investigación.

8. MANIFESTACIÓN DAS TESTEMUÑAS

1. Apuntarase a súa filiación completa.
2. Logo da identificación e constancia no corpo do atestado de cada unha delas, procederase á formulación daquelas preguntas tendentes ao esclarecemento dos feitos e confirmación das declaracións formuladas pola vítima e o presunto agresor. E, en todo caso, polo menos as seguintes:
 - a. Se foi testemuña ocular ou de referencia.
 - b. Descrición dos feitos por ela coñecidos.
 - c. Coñecemento doutros supostos similares ocorridos con anterioridade.
 - d. Se nalgún momento con anterioridade houbo de prestar axuda á vítima.
 - e. Comportamento habitual de vítima e agresor na comunidade onde residan, se a testemuña reside nela.

f. Relación coa vítima e o agresor.

9. DECLARACIÓN DOS/DAS AXENTES POLICIAIS QUE INTERVEÑAN NO AUXILIO DA VÍTIMA.

Resulta imprescindible que se consignen as declaracións detalladas e individualizadas de cada axente policial que interveña no auxilio da vítima con indicación das dilixencias e actuación realizadas por cada policía intervinente.

Cando o atestado policial se inicie como consecuencia de que a vítima vai acompañada dos e das axentes policiais que interviñeron ao seu requirimento ou dunha terceira persoa, esta dilixencia de declaración deberá figurar ao comezo do atestado.

10. DILIXENCIAS POLICIAIS DE VERIFICACIÓN E COMPROBACIÓN DA DENUNCIA

O atestado debe recoller, igualmente, as dilixencias que sexan necesarias para reflectir as actuacións que practique a Policía Xudicial e a Policía Científica para a investigación e comprobación dos feitos denunciados.

Nestas dilixencias recolleranse os resultados da inspección ocular técnico-policial e apuntaranse todos aqueles medios de proba que conduzan ao esclarecemento dos feitos.

As dilixencias de inspección ocular documentaranse, sempre que sexa posible, mediante fotografías ou outros medios técnicos (vídeo, etc) que permitan á Autoridade Xudicial unha maior inmediatez na apreciación dos feitos e as circunstancias concorrentes.

Como parte integrante destas dilixencias, deberase elaborar un informe veciñal para facer constar cantos datos poidan ser de utilidade, como antecedentes dos feitos ocorridos. En concreto, sobre a conduta que abarque as relacións entre agresor e vítima, noticias sobre agresións anteriores e a conceptualización pública de parella na sociedade, citando as fontes (non é necesaria a súa identificación persoal).

11. DILIXENCIA DE DETENCIÓN E INFORMACIÓN DE DEREITOS

Cando se procedeu á detención do denunciado, presunto agresor, ben como consecuencia da existencia de indicios racionais de que o mesmo resulte autor dun feito delituoso, ben polo quebrantamento dunha medida xudicial de afastamento ou ben porque dadas as circunstancias que concorren nos feitos se deduza a existencia de grave risco para a vítima, estenderase dilixencia de detención e información de dereitos.

12. DILIXENCIA DE INCAUTACIÓN DE ARMAS

Estenderase esta dilixencia cando se procedeu á incautación das que puidese estar en posesión o presunto agresor para a súa posta a disposición da Autoridade Xudicial. Sen prexuízo do anterior, darase conta á Autoridade gubernativa por se houbera lugar á renovación da autorización administrativa ao amparo do Regulamento de Armas. Así mesmo, no caso en que o presunto agresor deba portar armas debido ao seu posto de traballo, ben por pertencer ás Forzas e Corpos de Seguridade, ben por desenvolver o seu labor no ámbito da Seguridade Privada, informarase ao órgano superior xerárquico daquel dos feitos nos que se viu implicado.

13. DILIXENCIAS DE ACHEGA DE ANTECEDENTES REFERIDOS AO PRESUNTO AGRESOR.

Nesta dilixencia faranse constar todos os antecedentes que consten nas bases de datos policiais e, de xeito especial, apuntaranse sempre todas aquelas que se refiran á violencia de xénero.

Igualmente, apuntarase a información dispoñible gravada no Rexistro Central de Violencia Doméstica do Ministerio de Xustiza, relativa ao agresor e á vítima con especial referencia aos antecedentes penais e ás medidas que se puideron adoptar con anterioridade como consecuencia dunha orde de protección ou resolución xudicial de afastamento.

14. DILIXENCIA DE REMISIÓN DOS INFORMES MÉDICOS, PSICOLÓXICOS E SOCIAIS.

Cando a vítima recibise atención médica, acompañarase ao atestado o parte facultativo emitido respecto diso.

Cando os servizos sociais, centros de información á muller, oficinas de atención á vítima ou outras unidades administrativas que asuman as funcións de atención psicolóxica e social realizen entrevistas, exploracións e avaliacións, en relación coa vítima e a contorna social, remitiranse os informes sociais ou psicolóxicos que sexan achegados pola vítima ou facilitados polo devandito servizo.

15. DILIXENCIA DE MEDIDAS CAUTELARES ADOPTADAS DE PROTECCIÓN DA VÍTIMA.

Esta dilixencia estenderase para informar a Autoridade Xudicial das medidas policiais adoptadas de xeito cautelar para protexer a vítima, cando exista risco para ela, ata tanto se dite por aquela a correspondente resolución.

No caso de que a vítima cambie de domicilio, elaborárase unha dilixencia reservada con destino á Autoridade Xudicial na que consten os datos deste último.

16. DILIXENCIA DE AVALIACIÓN DE RISCO.

Cando exista especial perigo para a vítima, tendo en conta os datos relevantes que consten no atestado, o órgano Instrutor poderá facelo constar expresamente mediante dilixencia complementaria ao mesmo.

17. DILIXENCIA DE REMISIÓN DO ATESTADO AO ÓRGANO XUDICIAL.

18. DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN.

1. Parte facultativo das lesións da vítima e/ou fotografías das mesmas.
2. Solicitude da Orde de Protección.
3. Dilixencia de detención e información de dereitos (se a houberse).
4. Informes dos Servizos Sociais, Centro de Información á Muller ou oficinas de atención á vítima, se fosen achegados por ela ou polos referidos centros ou servizos.
5. Calquera outra dilixencia que non conste no corpo do atestado.

BIBLIOGRAFÍA

- CURSO "IGUALDADE DE OPORTUNIDADES: APLICACIÓN PRÁCTICA EN SERVIZOS SOCIAIS". ESCUELA VIRTUAL DE IGUALDAD. INSTITUTO DE LA MUJER. SECRETARÍA GENERAL DE POLÍTICAS DE IGUALDAD. MINISTERIO DE IGUALDAD.
- GUÍA DE ACTUACIÓN ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA AS=OS PROFESIONAIS DOS SERVIZOS SOCIAIS". XUNTA DE GALICIA.
- "COORDINACIÓN POLICIAL ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO. GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS". XUNTA DE GALICIA.
- "PROTOCOLO DE ACTUACIÓN POLICIAL ANTE CASOS DE MUJERES VÍTIMAS DE MALOS TRATOS DE LA POLICÍA LOCAL DE FUENLABRADA". AYUNTAMIENTO DE FUENLABRADA.
- "PROTOCOLO DE ACTUACIÓN INTEGRAL EN CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO DEL AYUNTAMIENTO D'ONTINYENT". AYUNTAMIENTO D'ONTINYENT.
- "PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DAS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE E DE COORDINACIÓN COS ÓRGANOS XUDICIAIS PARA A PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO". COMISIÓN TÉCNICA DA COMISIÓN NACIONAL DE COORDINACIÓN DA POLICÍA XUDICIAL O 28 DE XUÑO DE 2005.

Dossier elaborado por:

María Emma Pardo López.
Axente de Igualdade do Concello de Burela.
Abril 2010.



CONCELLO DE
BURELA



Delegación de Igualdade. Concello de Burela